

LISTAS DE CONTRATACIÓN

20 de abril de 2015

Ante os incumprimentos por parte do SERGAS das previsións de publicación de listas de contratación, puxémonos en contacto con Servizos Centrais e indicannos que **ESTA SEMANA** se publicarán as seguintes listas provisionais:

- **Persoal Licenciado Sanitario:** Farmacéutica/o de Atención Primaria, Odontóloga/o de Atención Primaria, Psicóloga/o Clínica/o e Médica/o Especialista en Medicina do Traballo

E ANTES DE QUE REMATE ABRIL CONTAN PUBLICAR:

- **Persoal de Xestión e Servizos:** Auxiliar administrativo/a, PSX, celador/a, cociñeiro/a e pinche.

EN MAIO, despois dos procesos de incorporación por mor do concurso de traslados (intentarán que sexa antes de que se empecen a efectuar os chamamentos para os bloques de verán), publicaranse as listas definitivas de **Médico/a de Familia e de Enfermaría**. A idea é non publicalas no medio dos prazos de incorporacións para que non se produzan distorsións (para que non haxa cesamentos por dúas listas distintas). No caso de Enfermaría, non poderían publicarse antes tampouco, porque inda se están resolvendo reclamacións ás listas provisionais.

Preguntamos tamén sobre as **LISTAS QUE ESTABAN PENDENTES** de primeira convocatoria (oficios: Calefactor/a, Electricista, Fontaneiro/a, Mecánico/a, Conductor/a e Conductor/a vehículos especiais) e o que nos indican é que xa teñen as convocatorias preparadas, pero están pendentes de ultimar uns detalles para a súa publicación.

